

ALMUDENA HOSPIDO QUINTANA, SECRETARIA DA COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA DA USC, CERTIFICA, que trala reunión ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2023 ratificouse o seguinte acordo tramitado por vía de urxencia:

Informar Positivamente a solicitude realizada pola alumna Valentina Hoyos González de **equivalencia dos estudos de grao** aos estudos de grao da USC, co fin de matricularse no Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable, en base ao feito de que os seus estudos presentan un nivel equivalente a un graduado en España.

ademais acordouse o indicado a continuación no relativo ao cambio na presidencia da comisión de TFG-GrEQ:

Aprobar a solicitude á Xunta da escola da incorporación da profesora Almudena Hospido Quintana, actual coordinadora do título, como presidenta de comisión de TFG-GrEQ con efectos do 1 de setembro de 2023 (data de cese da anterior presidenta, a profesora Anuska Mosquera Corral) así como da modificación no artigo 4 do Regulamento¹ que fai referencia á composición da comisión nos seguintes termos:

Texto existente: Artigo 4. Comisión de Traballos de Fin de Grao en Enxeñaría Química

[...] A comisión será nomeada en Xunta de Escola, a proposta da Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química, estando composta polo menos por seis profesores/as da área de Enxeñaría Química.

Texto proposto: Artigo 4. Comisión de Traballos de Fin de Grao en Enxeñaría Química

[...] A comisión será nomeada en Xunta de Escola, a proposta da Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química, estando composta polo menos por seis profesores/as da área de Enxeñaría Química, sendo a persoa responsable da Coordinación do Grao a presidenta da mesma.

Santiago de Compostela, 18 de Decembro de 2023

¹ [Regulamento TFG_GrEQ.pdf](#)